
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLA PRONTA PUBLICACIÓN DAS AXUDAS A EMPRESAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA DESENVOLVER ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O 2022

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte ROGO, para que publique con urxencia as axudas para desenvolver actividades culturais durante o 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Atopamos o sector cultural da cidade nunha situación complexa despois dos efectos derivados da xestión pandémica que bloqueou, primeiro total e logo parcialmente, o contacto social. A actividade cultural sufriu un fondo transtorno do que agora comeza a recuperarse. Lembremos que diferentes modalidades e porcentaxes de control de aforos reducidos tiveron como consecuencia a desaparición das billeteiras e outras formas de financiamento como as barras, que constituían ingresos imprescindibles para os festivais.

A xa forte dependencia do sector público incrementouse e, na actualidade, a posibilidade de continuar programando fóra do ámbito institucional ou con independencia de axudas públicas, é aínda máis reducida. O estado da situación actual que trasladan numerosos actores culturais da cidade é unha radiografía que reflicte a descapitalización dos recursos propios e a imposibilidade real de retomar un discurso previo baseado no incremento de públicos e/ou de contidos para fundamentar novas edicións de proxectos.

Lembremos que o pasado ano 2021 só 3 entidades asociativas foron beneficiarias de axudas municipais para desenvolver actividades culturais por un importe de 9.661,98€, dun total consignado de 48.500€. Perdéronse, polo tanto, 38.838,02€ para desenvolver actividades de asociacións culturais por concorrancia. No ámbito das axudas para actividades culturais de empresas desistiron da solicitude das axudas numerosas empresas e cooperativas culturais por non poderen desenvolver as actividades que propuxeran á convocatoria. Lembremos que as axudas para actividades culturais resolvéronse o 19 de outubro de 2021 e o prazo para xustificalas rematou o 29 de outubro, polo que só existiu posibilidade de desenvolver as actividades con axuda concedida e publicada no prazo temporal de 10 días.

Aprobado o orzamento municipal, a Xunta de Goberno debe darlle luz verde canto antes á convocatoria de axudas para actividades culturais de 2022, que tan urxentemente precisan as entidades profesionais e asociativas da cidade para comezar a operar cuns prazos axeitados, provocar unha resposta acaída do sector á convocatoria e facilitar un proceso de desenvolvemento temporal que evite desestamentos inecesarios.

Polo anteriormente exposto, **SOLICITA:**

- **Que o goberno municipal publique coa maior celeridade a convocatoria de axudas dependentes de Acción Cultural para desenvolver actividades culturais durante 2022.**

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2022

Branca Novo Rei



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO